



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna

Edición interpretativa. Criterios (versión 1)

Rosario Álvarez

Ernesto González Seoane

2017

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Gondomar. Corpus dixital de textos galegos
da Idade Moderna
Edición interpretativa. Criterios (versión 1)**

**Rosario Álvarez
Ernesto González Seoane**

Este traballo desenvolveuse no marco do proxecto *Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna. Catalogación, multiedición, glosario e estudo*, financiado cunha axuda do Ministerio de Economía y Competitividad (FFI2013-47589-P).

Pártese da que, a xuízo da crítica e dos editores, é a derradeira versión en vida do autor ou, faltando esa información, da versión que o editor considera máis completa e máis achegada á vontade final do autor.

O obxectivo é dobre. En primeiro lugar, facilitarlle ao lector moderno a lectura e interpretación que, ao xuízo experto do editor, mellor corresponde ao texto editado. En segundo lugar, facilitar a recuperación de datos do corpus e a elaboración de recursos a partir deles, para o que é preciso reducir no posible a heterografía e outras formas de variación non relevantes. Por iso, dentro do respecto básico ao teor do orixinal, na edición interpretativa intervéñese de forma fundamental en aspectos formais.

A seguir, detállanse os tipos de intervención e, sendo o caso, a maneira de proceder.

1. Autor

Forma normalizada de acordo con todo o proxecto. Tomar decisións do tipo seguinte:

Nomes xa canonizados: *Feijoo*

Non normalizar nomes e apelidos: *Sotomayor* (non *Soutomaior*)

Non galeguizar nin alterar grafías, pero regularizar: Ivan → *Juan*

2. Título

Proceder coma no texto, no caso de estaren en galego.

Non traducir os que están en castelán: *Romanze gallego*. Deixar a denominación canónica, en galego, para outro lugar do proxecto.

3. O texto

1. Elimínanse as **marcas** de emendas, inclusións, raspaduras, etc., co ánimo de ofrecer a mellor lectura definitiva, desde o punto de vista do editor.
2. Os treitos **ilexibles** e as **lagoas** márcanse no texto como [...], sen indicación de tamaño. Se hai suxestións que facer, inclúense do mesmo xeito.

na súa escola para os [ter] / un par d'anos a escribir.

Ou so seu respeyto foi → ou s'o seu respeito foi

3. As **supresións** non se indican.
4. Non se marcan as lecturas **dubidosas**.
5. As **abreviaturas** están desenvoltas, sen ningún tipo de marca. Debe haber un corpo de abreviaturas, realizado con criterios uniformes, para evitar desenvolvementos contraditorios ou dispares.
6. Espazo **branco** entre as distintas estrofas. Versos sen sangrías. Ordénase e dispónse o texto de acordo co criterio do editor (casos de estrofas ou engadidos fóra de lugar, p. ex. nas marxes).

4. Aspectos gráficos de tipo xeral

- 1) Actúase sobre a **separación** de palabras, seguindo de maneira xeral o criterio do galego moderno (ou do portugués, cando o do galego falte). Debe comprobarse que a manipulación non altere a medida dos versos. En casos dubidosos, séguese o mellor criterio do editor.

da quel gran Cavaleyro → *daquel gran cabaleiro*

ou à Patria à quel Fonseca → *ou a Patria a aquel Fonseca*

Eu digo, que jal de menos → *eu digo que x'aldemenos* (pt. *aldemenos*, adv.)

Alfin memorias eternas → *alfín memorias eternas* (pt. *alfim*, adv.).

- 2) Consérvanse ou márcanse **formatos** de letra (cursivas, versaletas, etc.) conforme ao criterio dos editores.
 - a) Úsase cursiva nas coplas que dan pé ás glosas.
 - b) Úsase cursiva nos retrousos.
- 3) Intervense sobre os signos de **puntuación**.
 - a) Segundo o uso moderno e consonte a interpretación que debe dárselle a cada pasaxe.

Mandan, que se han de compòr / Vinte copras → *Mandan que se han de compor / vinte copras*

- b) Nos signos de interrogación e admiración debe tenderse a colocar o inicial e o final. En caso de dúbida, só o último.

sopòn a vn luceyro sò: / Cinco à vn, è ser Galegos? → *s'opón a un
luceiro só: / ¿cinco a un e ser galegos?*

- c) Nos incisos úsase a raia (non o guión):

*Ou luceyros (diz à Estrela, Facendo das luzes voz) → Ou luceiros —diz
à Estrela, facendo das luzes voz—,*

- d) Os títulos internos no texto enmárcanse con « »:

O «Domine labia mea» / serán os cinco premeiros

- e) A orde xerárquica entre comiñas establécese do xeito seguinte: primeiro «baixas», despois “altas” e finalmente ‘simples’.

- f) O estilo directo márcase ou con raia, cando ten forma de diálogo, ou enmárcase entre comiñas agudas, cando forma parte do mesmo parágrafo.

*—Ou luceiros —diz a estrela, / facendo das luces voz—, / miraime,
miraime ben, / verès quen vos arrolou (...).*

*unha táboa de pedra con letras que rezaban: «Aiquí será poboada la
gran cibdad».*

- g) Nos diálogos, se o parlamento dun personaxe se prolonga en máis dun parágrafo ou estrofa, úsanse comiñas de seguimento no inicio:

*—Ou, luceiros —diz a estrela,
facendo das luces voz—,
miraime, miraime ben,
verés quen vos arrolou.*

*»Eu vos faixei coma nenos;
¿querés qu'eu non sexa mor?
Reparai qu'o voso lume
ós meus peitos se criou.*

4) As letras **maiúsculas** e **minúsculas**

- a) Úsanse de acordo co criterio moderno.

- b) Non se marca a inicial do verso con maiúscula sen outra xustificación:

*Mandan, que se han de compòr / Vinte copras → Mandan que se han
de compor / vinte copras*

- c) Mantense a maiúscula inicial de verso nos acrósticos.

- d) <I> lese como <i> ou <j> maiúsculo de acordo coa norma actual. Nos casos de gheada, como <Gh> .
- 5) Úsase o **acento gráfico** conforme á norma actual, tanto para marcar a intensidade coma de forma diacrítica.
- a) As formas <o, ò, ó, ho> regularízanse como <o> ou <ó> conforme ao uso moderno (non como <ao>):
- Obrigada ò seu respeyto → *obrigada ó seu respeito*
- b) En caso de dúbida, optamos pola solución máis congruente desde o punto de vista do editor ou, en todo caso, pola sintáctica máis conservadora:
- Fonseca ò mundo pasmou → *Fonseca o mundo pasmou*
- 6) Séguese o mesmo criterio coa **diérese**.
- antiguidade → *antigüidade*
- 7) O **apóstrofo** úsase para marcar elisións fonéticas. Non hai espazo detrás do apóstrofo.
- a) Nas elisións vocálicas, úsase tanto se así consta no orixinal coma no caso de separarmos palabras gráficas, de acordo coa norma actual.
- un par d'anos → *un par d'anos*.
- Ou so seu respeyto foi → *ou s'o seu respeito foi*
- b) Nas amálgamas do tipo *prautra*, *pronha* separa o segmento gráfico que corresponde ao nexo, sen vogal final, do que corresponde ao determinante, coa vogal inicial modificada:
- pronha vida → *pr'onha vida*
- c) En casos de crase entre a vogal final dunha forma verbal e a inicial do clítico:
- Castigos Noso Señor → *Castig'os Noso Señor*
- bejos calados → *vex'os calados*
- d) A consoante mantén a grafía que correspondería se non se elidise a vogal:
- dixo co vira → *dixo qu'o vira*

- e) A forma *donde* debe ser resolta como *donde* (equivalente de 'onde') ou como *d'onde*, segundo corresponda:

Alà donde rega o Indo → *Alá donde rega o Indo*

Donde coma dun alcoube / Trasprantados no Consello → *D'onde coma dun alcoube / trasprantados no Consello*

- f) Nas palabras rematadas en *-ade*, *-ede*, *-ude* e as súas variantes truncadas procédese do xeito seguinte: mantense a grafía do texto cando remata en vogal tónica ou *-de*; a grafía *-d* mantense igual ante consoante ou pausa, pero vai seguida de apóstrofo ante vogal:

Mais tamen è gran verdade / Que non tuvo à terra Pay → *mais tamén é gran verdade / que non tuvo a terra pai*

E verda que foi seu Fillo → *É verdá que foi seu fillo*

que cõ sua autoridad ajudase → *que con súa autoridad'axudase*

se esta cidad vive → *se esta cidad vive*

- g) Nos casos de apócope (*san/sant/santo*, *gran/grand/grande...*) aplícase o mesmo criterio ca na alínea anterior: mantense *gran*, *grande* en todos os casos; *grand* ante consoante e *grand'* ante vogal ou *h-* inicial:

O grande Iulio → *ó grande Xulio*

Do gran Iulio → *do gran Xulio*

Do grand home → *do grand'home*

grand prez → *grand prez*

- h) Coa variante *n(o)* do adverbio de negación ante vogal inicial da palabra seguinte:

ne verdade → *n'é verdade*

no è razón → *no'é razón*

Que no ay no descuberto → *que no'hai no descuberto* (diferente de *n'o hai no descuberto*)

no ostante → *no'ostante*

nostante → *n'ostante*

- i) Coa variante *n(o)* contracta co clítico de 3P:

no vin → *n'o vin*

noo vin → *no'o vin*

noa via → *no'a vía*

navia → *n'a vía*

- j) Non se marcan con apóstrofo as reducións grafemáticas que se editan restablecendo os grafemas correspondentes (fundamentalmente, entre sibilantes e/ou róticos):

da suas letras → *das suas letras*

8) Úsase o **guión** nos seguintes, ademais dos previstos na norma moderna:

- a) Para marcar o linde nos casos de contracción do adv. *non* con pronomes de P3, P6 e P4, por redución ou amálgama da nasal final, coma os que figuran na táboa (Véxase, con todo, o uso do apóstrofo en *no'a*, cando a nasal falta).

ORIXINAL	EQUIVALENCIA	LECTURA
non-o, non-a	non + P3	non-o, non-a
nono, nona	non + P3	non-o, non-a
nonno, nonna	non + P3	non-no, non-na
nonos, nonas	non + P6	non-os, non-as
nonnos, nonnas	non + P6	non-nos, non-nas
nonos	non+P4	no-nos
nonnos	non+P4	non nos

- b) Nos casos de redución fonética do adv. *non* ante nasal ou outros contextos:

No mo dà ò corazon → *no-mo dá o corazón*

- c) Nos casos de epéntese, coma en *a i-alma*.
 d) Os posibles casos de mesóclise gráfanse seguindo a norma portuguesa: *dicir-vos-ei*.
 e) Non se usa guión como marca de separación morfolóxica entre a variante <i> da conx. copulativa e a vogal coa que forma sílaba:

yeu → *i eu*

ela ieles → *ela i eles*

- 9) Mantéñense as **contraccións**, marcadas ou non con til diacrítico, seguindo os criterios normativos que rexen o uso do til en galego moderno:

có, cò, co...	ca+o, ca + os	có, cá, cós, cás
ca, cà, cá...	ca+a, ca + as	
ao, â o, à o...	a + o, a + os	ao, aos
pro, pró, pró...	pra + o, pra + os	pró, prá, prós, prás
pra, prá, prá...	pra +a, pra + as	
coel, co-el...	co(n) + el	coel, coeles

- 10) Respecto das secuencias que hoxe se grafan contractas, procédese do xeito seguinte:

- a) Se se trata dunha solución puramente gráfica que non repercute na contaxe de sílabas nin noutros aspectos da versificación, gráfanse conforme ao criterio moderno:

Todos os de este destreyto → *todos os deste destreyto*

- b) Nos restantes casos, mantéñense separados os membros da secuencia

Si o nacer con vnha Estrela → *Si ó nacer con unha estrela*

5. Grafemas e dígrafos

1. O primeiro criterio é eliminar a **variación gráfica** que non teña relevancia desde o punto de vista fonético, mesmo considerando o estadio lingüístico na época. Regularízase de acordo cos criterios e práctica moderna nos seguintes casos:

GRAFÍA TEXTO	EDICIÓN	EXEMPLOS
<c, ç, z> + e, i	ce, ci	Porçia → <i>Porcia</i> he dezernos, que rezemos → <i>é decernos</i> <i>que recemos</i>
<c, qu> /k/	c, qu	questios → <i>cuestiós</i>
<ç, z> + a, o, u	za, zo, zu	obrigaçon → <i>obrigazón</i>

<g, gu> + e, i /g/	g/gu	gerra → guerra
<g, j, x> /ʃ/	x	fayja → faixa
<h> como cero	h/∅	ay → hai he → e, he → é
<h> en <th> /t/, <ch> /k/	t, c	charta → carta
<h> en <ph>	f	Philippo → <i>Filipo</i> , Nympha > <i>ninfa</i>
<i, y, j> /i/	i	bay → vai, Ceyo → ceio
<j> gheada	gh	prolojos → próloghos
<j, g> castelanismos	j/g	Jvan → Juan
<n, h, nh> /ɲ/	nh	
<n, m, ñ> implosivos	n/m	
<n, ñ> /ɲ/	ñ	
<r, R, rr>	r/rr	onRa → honra
<s, ss>	s	confesso > confeso
<u, b, v> /b/	b/v	bay → vai, bermello → vermello viue → vive, alcauela → alcabela

2. Grupos consonánticos. Casos especiais:

- c) En principio non se altera a grafía dos grupos consonánticos, en ningunha das dúas direccións, para adaptala ao uso moderno:

aciòs → *aciós*

tractado → *tractado* assumpto → *asumpto*

- d) Mantense <sc>, calquera que sexa a grafía do segundo elemento:

nasçido → *nascido*

- e) Actúase sobre falsos grupos, formados por duplicación:

Philippo → *Filipo*

3. Exceptúanse desta regularización os casos en que a grafía evidencia un trazo fonético que, caso de regularizar, quedaría oculto. Poñamos por caso:

- a) A marcación intencionada da gheada, ou doutros trazos dialectais.
b) Non se funden as grafías equivalentes a <s> e a <z>, nin sequera en posición posición implosiva interior: *sapato*, *tiznada*.

E diz que estas vinte copras / Han de ser todas en verso → *e*
dizque estas vinte copras / han de ser todas en verso

- c) Por suposto, os casos en que o cambio levaría a unha lectura diferente: *copra* e *ingrés* non pasan a *copla* e *inglés*, do mesmo xeito que *blanco* non pasa a *branco*.

4. Canto ao vocalismo, mantense de forma xeral a grafía do texto.

- a) Mantense a variación gráfica nas vogais tónicas: *lingua* / *lengua*.
- b) Non se manteñen vogais dobres que teñan efectos puramente gráficos: *fee* → *fe*.
- c) Tamén nas vogais átonas, pois non se regularizan as variantes resultantes dos distintos fenómenos conforme a norma actual. Exemplos: *ofindido*, *diárea*, *bunito*.
- d) Mantense a paragoxe.
- e) Mantense a epéntese. Ante /'a/, gráfase como *a i-alma*.
- f) Non se restitúe *e-* ante *s-* líquido.

6. Números

Por norma xeral, mantéñense romanos ou arábigos conforme ás regras coñecidas polos usuarios modernos.

Algúns casos especiais:

- a) Mantéñense formas non habituais hoxe, como IIII.
- b) Elimínanse os puntos que marcan o inicio ou final das grafías numéricas.
- c) Na numeración dos anos restablécese o dígito do millar
789 → *1789*
- d) As abreviaturas tipo <8bro> desenvólvense como *outubro*.